


Entrada de blog

ENVIADO POR ROSALÍA A MAR, 16/08/2016 - 13:20

Hibridar o imaxinario II



"Para hibridar o imaxinario cómpre xogar á corda coas fronteiras. Sempre coa intensidade precisa, a golpe de ilusión. Xusto aí, no non-lugar aprenderemos a fusionar a lingua infinda da arte literaria con todas as demais, sen restrición ningunha. Vés brincar?"

Difundimos a mensaxe cal Anunciación dun circo literario, artístico. Entre a distorsión musical dos megáfonos ambulantes e os brincos da poesía acróbata, lanzamos un convite para perder o medo a danzar. *C'mon, C'mon! Voilà!*

Esta semana conquistamos a metade xusta dese proceso colectivo cun obxectivo común: HIBRIDAR O IMAXINARIO.

Tras varias sesións de esforzo compartido, catarse dramática e intensidade laboral, estamos en condicións de afirmar que atopamos unha nova vía de traballo. Unha metodoloxía interdisciplinar, cooperativa, cognitiva e integral. Un exercicio de experimentación que cuestiona os lindes entre os eidos do literario, o musical, o plástico e o escénico, trasladándoos a unha outra dimensión creativa e vital.

Cómpre ser prudentes e agardar ao desenvolvemento completo do Obradoiro antes de extraer conclusións definitivas e difundilas. Mais por agora atrevémonos a adiantar o máis sincero dos agradecementos ás entidades e participantes que están a facer isto posible, pois a singradura percorrida non podía ser máis produtiva, esperanzadora e feliz.

Seguiremos informando.

Rosalía Fernández Rial

para enviar comentarios